

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CENTRO:** CEIP Santo André de Xeve

**CURSO:** 4º

**MATERIA:** Música

**DATA:** 9 /5/ 20

Mestra: M<sup>a</sup> de las Mercedes González Argibay

# Índice

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES DE APRENDIZAXE E TEMPORALIZACIÓN

### Bloque 1. escoita.

- 1.1. Coñece e discrimina a clasificación das voces masculinas ou femininas. (2ºT, 3ºT)
- 2.1. Identifica as diferentes partes e os diferentes instrumentos que interveñen nunha audición dunha peza musical orquestral. (1ºT, 2ºT, 3ºT)
- 3.1. Analiza e describe, oralmente e por escrito, as partes das partituras tocadas na aula coa frauta. (2ºT, 3ºT)
- 3.2. Recoñece a maior parte das pezas musicais traballadas nas audicións da aula. (2ºT, 3ºT)
- 5.1. Interpreta coa frauta doce obras e fragmentos musicais coas notas da man esquerda **sol, la, si**, e na man dereita **fa** e **mi** lidas nunha partitura. (2ºT, 3ºT)

### Bloque 2. A música, o movemento e a danza.

- 1.1. Expresa mediante o corpo unha mensaxe musical. (1ºT, 2ºT, 3ºT)
- 2.1. Leva a cabo coreografías en grupo de maneira máis rítmica e coordinada posible. (2ºT, 3ºT)
- 2.2. Participa con interese nas actividades coreográficas propostas. (1ºT, 2ºT, 3ºT)

### Bloque 3. Interpretación musical.

- 1.1. Canta e interpreta cancións de xeito individual e en grupo afinando. (1ºT, 2ºT, 3ºT)
- 1.2. Mostra unha actitude de respecto e confianza cando interpreta. (1ºT, 2ºT, 3ºT)
- 2.1. Coñece o nome de instrumentos que lle son mostrados fisicamente ou por medio de imaxes. (1ºT, 2ºT, 3ºT)
- 2.2. Clasifica os instrumentos musicais por familias e subfamilias. (1ºT, 2ºT, 3ºT)
- 3.1. Sabe cales son as principais calidades do son - timbre, intensidade, tono e duración - (2ºT, 3ºT)
- 3.2. Le partituras sinxelas empregando todas as notas e as figuras redonda, branca, negra (cos seus silencios) e a corchea. (2ºT, 3ºT)
- 3.3. Sabe interpretar en partituras sinxelas signos musicais coma o punto (.), a dobre barra (final dunha peza musical ||) e os dous puntos seguidos da dobre barra (: ||)

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

### *Descrición do modelo competencial.*

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos e nas alumnas a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Tratar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que “describen” o alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos e as nosas alumnas aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos e alumnas cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poderlles dar resposta ás súas necesidades.

### *Na área de Música.*

Na área de Música incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

Aspectos traballados en música como o ritmo e as escalas, colaboran directamente coa consecución da Competencia matemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso redor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto (cando falamos das duracións das figuras, do compás, do tempo...)
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### ***Comunicación lingüística***

De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta...

### ***Competencia dixital***

Mediante o uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para achegar o alumnado á creación de producións artísticas e da análise da imaxe e do son e das mensaxes que estes transmiten, contribúese ao desenvolvemento da Competencia dixital.

Na área adestraremos os seguintes descritores:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

### ***Conciencia e expresións culturais***

A área, ao propiciar o achegamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do ámbito máis próximo como doutros pobos, dota os alumnos e as alumnas de instrumentos para valoralas e

para formular opinións cada vez máis fundamentais no coñecemento. Deste xeito, poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de ocio.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Coñecer a interculturalidade, a través do coñecemento de músicas do mundo.
- Apreciar os valores culturais do noso, a través das músicas da nosa terra e do noso país.
- Expresar sentimentos e emocións a través da música (cancións, bailes, percusión corporal...)
- Apreciar a beleza das expresións musicais.
- Elaborar traballos onde representar o que oímos a través da imaxe, do movemento do corpo, do ritmo...

### ***Competencias sociais e cívicas***

A Educación artística favorece a participación en experiencias colectivas: colaxes, exposicións, experiencias musicais, etc., como forma de expresar ideas, sentimentos, vivencias tanto persoais como de grupo. Os indicadores desta competencia poden facilitar a adquisición de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en grupo.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que ademais xera flexibilidade polas diferentes respostas que poden obterse ante un mesmo suposto. Neste sentido a área de Educación artística contribúe á competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, actuando significativamente no proceso que leva ao neno desde a exploración inicial ata o produto final, o cal require unha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non estereotipados. O traballo en equipo e as habilidades de planificación, organización e elaboración de proxectos de traballo supón o desenvolvemento de capacidades e habilidades básicas tales como: a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, contribuindo todas elas directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Neste caso, os descritores que hai que adestrar serán:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.

### ***Aprender a aprender***

Á competencia para Aprender a aprender contribúese na medida que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten a nenos e nenas dunha experiencia suficiente para utilizalos en situacións diferentes.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serán:

- Desenvolver as intelixencias múltiples.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Debido ás circunstancias especiais que estamos vivindo motivadas polo COVID 19, a terceira avaliación farase a partir da media das avaliacións anteriores. Dita nota pode manterse ou mellorarse en función das tarefas realizadas no terceiro trimestre que van encamiñadas a reforzar os contidos adquiridos, e onde se valorará a calidade dos traballos entregados e o esforzo.

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).

A metodoloxía, procurará favorecer que a Música sexa ese lugar onde acudir para descansar das demais tarefas escolares. Primaranse as actividades que estean relacionadas co ritmo (xogos rítmicos, percusión corporal), o movemento (bailes, audicións activas), e algúns vídeos adaptados á súa idade para que lles sirvan de repaso de conceptos musicais aprendidos: figuras, silencios, notas, pentagrama...). Pola dificultade que moitos nen@s poden ter para imprimir o traballo escolar, non mandei tarefa de imprimir, deixando esa posibilidade para aqueles nen@s que precisan reforzar contidos nos que teñen máis dificultades e contando sempre co acordo dos pais.

Dispoñen dun correo electrónico de comunicación comigo para aclarar dúbidas e para mandar vídeos das actividades que vaian realizando (de ritmo, frauta...) co fin de ver os avances e as dificultades.

As actividades se programan con carácter mensual (pois a clase de música conta cunha sesión semanal) e van nun boletín que foi enviado aos pais/nais onde poden acceder ás actividades a través dos móbiles dos pais/nais, tablets ou un ordenador.

## 4. Información e publicidade

O aquí recollido será publicado na páxina web do centro para que calquera pai/nai poida estar informado/a do proceso de ensino-aprendizaxe e avaliación do seu fill@ durante este tempo de alarma



